

## NOTA DE PRENSA

### CAMPAÑA DE NADAL 2025-26 SORTEO DE PREMIOS E RESULTADOS DA CAMPAÑA

Emgrobes e o CcA de tendas levou a cabo o sorteo dos premios dos vales de compra da campaña de nadal. Hoxe Martes día 13, arredor das 13.30 realizouse o sorteo na sede Emgrobes e o CcA de tendas. A participación este ano foi extraordinaria, xa que se repartiron máis de 15.000 boletos entre todos os establecementos participantes, e numerosos clientes cubriron estes boletos e participaron no sorteo, pero solamente 14 persoas foron as afortunadas nos seguintes establecementos

- 1.- 300 € en TECNOLAR a Carmen González
  - 2.- 200€ en PREFABRICADOS DENA a Illa Garrido
  - 3.- 200 € en LA TIA TULA a Blanca Fontoira
  - 4.- 100€. MUIÑO VELLO, Miguelón
- EFFECTOS NAVALES E DEPORTES O MAR, Milagros García  
GAIVOTA, José Manuel Triñanes  
PESCADERIA DA RIA, Cris Basdedios  
MIA BOUTIQUE, Luci Nuñez  
ARTESA, Virtudes Triñanes  
EDIGROVES, Goreti Rey  
ABRIL , M Belén Padín  
LIBRARIA ESPAZO LECTOR NOBEL, Olalla Radío  
BAMBI, Bibiana Torres  
A OPTICA DE ANA, Rosa Mª Gondar

Ademáis xa antes o día 30 de decembro se fixera o sorteo das cartas a papá Noel que repartiu entre os nenos do Grove 16 lotes de material escolar, repartido entre os clientes de 16 establecementos participantes, co que os pequenos da familia xa puideron disfrutar durante as vacacións dos seus agasallos.

Con todo esto a asociación de comerciantes está moi satisfeita pola alta participación e o reparto dos premios que volverá a canxearse nos comercios do CcA de tendas a través destes máis de 1800 € en vales de compra que se reinvertirán no propio tecido comercial do CcA. Así o total dos premios desta campaña ascendeu a 2400 €

A campaña en vendas, aínda que empezou lenta, finalmente nos últimos días puideron equiparala á do ano pasado de media, e aínda que non é como fai anos, polas compras on line e en grandes superficies, dende a asociación de comerciantes seguiremos traballando para que o comercio local se dinamice. Emgrobes segue animando a todos os veciños a que merquen no comercio de cercanía, que confíen nos seus propios veciños e lles axuden a levantar a nosa vila, para seguir dándolle vida. Todo elo acompañado das dúas actividades dinamizadoras da campaña, Papá Noel e Festa prebadaladas en fin de ano que animaron moito a rúa comercial de Castelao.

Nestos momentos o CcA de tendas está inmerso na promoción das rebaixas nos establecementos socios a través das redes e continúa promovendo as compras no comercio local, que sigue precisando dos veciños para a súa supervivencia, e buscando campañas atractivas para os clientes.

